Organizar e liderar a elaboración e redacción dos Plans de zona para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, para a súa posterior aprobación , tal que:

a) Se proceda de xeito urxente á elaboración do programa de participación pública e á creación dun órgano de participación que promova a participación das entidades locais afectadas e os axentes sociais, ambientais e económicos da zona ou con actuación importante na zona.

b) Se proceda a identificar e localizar as accións multisectoriais no ámbito do desenvolvemento económico e o emprego, as infraestructuras e os equipamentos básicos, servizos e benestar social e medioambiente, incluíndo o cadro orzamentario e financeiro das distintas actuacións identificadas e cualificadas segundo os obxectivos previstos

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 13:54:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2010 13:54:51**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Sonia Verdes Gil**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Durante o que vai de campaña de prevención e defensa contra incendios quedaron arrasadas en Galicia, segundo os datos que aportou o conselleiro do Medio Rural, arredor de 13.000 ha, co evidente dano medioambiental e paisaxístico nas zonas afectadas polos lumes.

Malia tendo en contra a política de desinformación que levou a cabo o Goberno galego respecto da incidencia dos lumes, falseando datos e ocultando os lumes que afectaban a menos de 20 ha, o número de hectáreas afectadas polos incendios forestais neste ano seguramente sexa sensiblemente maior a cifra oficial aportada pola propia Consellería do Medio Rural.

No Macizo Central de Ourense resultaban calcinadas máis de 3.000 ha, rexistrando o maior incendio dos últimos anos de todo o Estado, arrasando 1.715 ha. no concello de Laza, e outro lume de importancia con máis de 393 ha. calcinadas no concello de Chandrexa de Queixa, o que supón o 10% da superficie que ocupa o Macizo Central Ourensán nunha zona protexida considerada Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura 2000.

De igual xeito dous grandes lumes afectaban aos concellos de Boiro e Negreira na provincia da Coruña, arrasando 551 e 519 ha. respectivamente, sempre segundo os datos aportados pola Consellería do Medio Rural.

Coa chegada do outono e a época de choivas, o risco de que se produzan danos medioambientais e ecolóxicos é evidente, provocados polas escorrentías e a erosión dos terreos que causarán un grave dano na capa vexetal e o empobrecemento dos terreos, sen contar co

importante dano paisaxístico que supoñen os incendios forestais, a perda de biodiversidade e de potencial forestal.

Malia e pese a que Galicia sufriu as consecuencias dunha vaga importante de lumes durante o verán e o risco de graves danos ecolóxicos coa chegada do outono e as choivas, o presidente da Xunta tardou máis dun mes en visitar as zonas afectadas polos lumes, para facer un acto propagandístico sen deseñar un plan de actuación con medidas e actuacións concretas, que inclúan a avaliación exhaustiva da superficie afectada polos lumes e dos danos causados, co fin de promover e desenvolver actuacións para previr as escorrentías e loitar contra os procesos erosivos, así como para recuperar o potencial forestal danado.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.º) Elaborar un informe exhaustivo co fin de avaliar os danos caudados polos lumes durante a campaña de prevención e defensa contra incendios forestais no ano 2010, tal que se identifique a localización exacta das zonas afectadas polos lumes, indicando a superficie afectada en cada incendio, os concellos afectados, tal que contemple a titularidade da propiedade e as competencias de xestión das zonas afectadas.

2.º) Deseñar e implementar de inmedidato medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais, actuando nos montes de xestión pública e deseñando liñas de axudas específicas que promovan a colaboración cos propietarios afectados tal que:

a) Se leven a cabo actuacións e accións efectivas a fin de previr escorrentías e loitar contra os procesos erosivos

b) Se executen as obras de restauración de infraestruturas rurais e camiños, así como restauración de vías verdes.

c) Se apoie a retirada da biomasa forestal queimada e a loita no control de pragas nas masas forestais danadas.

d) Se desenvolvan medidas co fin de promover a recuperación e rexeneración ambiental e do potencial forestal danado polos incendios forestais.



Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 14:39:11**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2010 14:39:14**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:51
Nº Rexistro: 49812
Data envío: 27/09/2010 17:51:11.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da deputada **Ana Luísa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á situación sanitaria no concello de Salceda de Caselas.

A poboación de Salceda de Caselas ven reclamando dende fai mais de dous meses a reposición do servizo de urxencias que se viña prestando os sábados pola mañá no Centro Médico deste concello e que agora foi trasladado para o Punto de Atención Continuada do Porriño.

Esta decisión, que foi tomada polo SERGAS sen os mais mínimos requisitos de información previa e atención as persoas usuarias, supón un regresión importante na atención sanitaria habida conta de que retrocedese na prestación dun servizo básico esencial e afecta á poboación que esta menos protexida como as persoas maiores, as que non teñen vehículo propio, os nenos e nenas, ou as que teñen mobilidade reducida, etc.., obrigando a un desprazamento inxustificado e innecesario.

Pola contra, non mellora en absoluto a asistencia xa que as supostas vantaxes non existen ou empeoran; a mellor dotación do centro de saúde do Porriño non é correcta, xa que a maquinaria que ten a maiores o centro de Salceda de Caselas non están dispoñíbeis os sábados pola maña no Porriño ou xa existen en Salceda; incrementase o número de persoas atendidas por medico, pois das 8.000 por medico actuais pasan a 14.000, o que significa que cando haxa tres urxencias domiciliarias vai quedar o PAC do Porriño sen atención médica.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:51
Nº Rexistro: 49812
Data envío: 27/09/2010 17:51:11.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa vez, destacar o esforzo que realiza o concello de Salceda de Caselas ao soportar o mantemento do centro de saúde, o que supón para o SERGAS o mesmo esforzo económico que ata o de agora.

Este malestar acrecentase na medida que a poboación de Salceda de Caselas padece o deterioro que vense dando dende o pasado verán en toda a área sanitaria sur, como o peche de camas hospitalarias por riba da redución estacional da demanda, colapsando o Servizo de Urxencias do hospital do Meixoeiro; o desvío de doentes a centros privados concertados para intervencións leves; o incremento do tempo nas listas de agarda nalgunhas especialidades como uroloxía, ecografías, etc.;o resentimento da atención primaria como consecuencia de non cubrir as ausencias dos e das profesionais polo período vacacional e outros aspectos que fan desconfiar que son pasos paulatinos para reducir a calidade e a cantidade da asistencia sanitaria en detrimento da saúde xeral da poboación.

Entidades sociais da mais diversa índole como asociacións de veciños, de xubilados e pensionistas, culturais, etc., mais de dúas mil sinaturas entregadas no SERGAS, partidos políticos, pleno da Corporación Municipal, teñen manifestando a súa intención clara para recuperar o servizo médico tal e como se viña prestando ata o día tres de xullo.

Este comportamento da Consellería entra en contradición coas manifestacións feitas de manter a atención sanitaria e mellorala o que, xunto as argumentacións expostas anteriormente é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:51
Nº Rexistro: 49812
Data envío: 27/09/2010 17:51:11.985

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a repoñer o servizo de urxencias dos sábados pechado en Salceda de Caselas.**

En Compostela, 27 de setembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
**Ana Luisa Bouza Santiago**
Deputado e Deputada do G.P. do BNG
**Carlos Aymerich Cano**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 27/09/2010 17:08:32**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 27/09/2010 17:08:49**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/09/2010 17:08:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 50404
Data envío: 28/09/2010 14:26:33.477

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión,** relativa á ampliación do Centro Cultural Vista Alegre (A Bandeira)

O Centro Cultural de Vista Alegre é un espazo referencial nesta comarca de dinamización cultural. A súa dilatada historia dá conta dun notábel esforzo por manter un proxecto que coordina un colectivo de máis de 400 socios -como é a Asociación Cultural Vista Alegre- e que aglutina o traballo dunha ducia de colectivos socio-culturais e agrupacións musicais con sede social neste espazo. Mais é tamén o espello de toda unha vila e a súa contorna, que se implica nas actividades promovidas e que pretende ter espazos dignos onde poder levar adiante as actividades que promoven.

A demanda de mellorar as instalacións do Centro Cultural de Vista Alegre obtivo resposta na pasada lexislatura. Así, a Consellaría de Cultura e Deporte, iniciou este proceso levándose adiante dúas fases do mesmo para ampliar este edificio ao obxecto de contar cunha digna e auténtica biblioteca e solventar os problemas de espazo para desenvolver as múltiplas actividades, tal como cursos de formación ocupacional e un calendario organizado de actividade cultural.

As obras iniciáronse no ano 2007 e continuaron con normalidade no 2008. Mais coa chegada do PP á Xunta de Galiza paralizouse esta ampliación. Agora hai unhas obras

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 50404
Data envio: 28/09/2010 14:26:33.477

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciadas das que o goberno galego se desentende dun xeito irresponsábel. É grave que existindo unha dinámica social que propicia a participación e fomenta a cultura, a Xunta de Galiza non continúe cun proxecto absolutamente xustificado e necesario.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a rematar as obras de ampliación do Centro Cultural de Vista Alegre da Bandeira, retomando os traballos pendentes e garantindo a súa execución ao longo do ano 2011.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz S. do G.P. do BNG.
Teresa Táboas Veleiro
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/09/2010 14:25:19**

**Teresa Táboas Veleiro na data 28/09/2010 14:25:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 09:30
Nº Rexistro: 50657
Data envío: 28/09/2010 18:34:01.628

BNG
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **Isabel Sánchez Montenegro** e **Teresa Táboas Veleiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O encoro da Baxe, no concello de Caldas de Reis, está a sufrir, unha vez máis, a invasión da alga tóxica Microcystis aeruginosa, unha cianobacteria que produce a microcistina, unha toxina, de efectos acumulativos, extremadamente perigosa para a saúde das persoas (ataca o fígado e causa, ademáis, problemas intestinais e neurolóxicos) segundo dados do OMS. A microcistina ten, tamén, graves efectos na flora e na fauna.

Nestes intres, a concentración da Microcystis aeruginosa no encoro de Caldas non deixa de subir, acadando niveis moi graves e avanza río abaixo afectando ás captacións de auga que dan subministro aos concellos do Salnés. Esta situación preocupa fondamente aos veciños e veciñas da zona que temen pola súa propia saúde e pola do río Umia.

Non é esta a primeira vez que no encoro de Caldas e no río Umia, se da este problema. De feito, é algo que se repite tódolos veráns dende a construción do encoro, si ben este ano estanse a dar os valores máis elevados de concentración de Microcystis.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Moitos científicos, asociacións ecoloxistas e colectivos veciñais consideran que a causa destes problemas está no propio encoro da Baxe e que a única solución é a demolición do encoro. Esta é tamén a postura do BNG

Estas son as razóns polas cales se formula a seguinte Proposición non de lei en Comisión.

**O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta a demoler o encoro da Baxe e a rescatar a concesión hidroeléctrica efectuada no seu día.**

Santiago de Compostela, 28 de Setembro de 2010

Asdo. **Isabel Sánchez Montenegro**
**Teresa Táboas Veleiro**
Deputadas do G.P. do BNG
**Carlos Aymerich Cano**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 28/09/2010 18:33:22**

**Teresa Táboas Veleiro na data 28/09/2010 18:33:26**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/09/2010 18:33:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 50712
Data envío: 29/09/2010 16:24:21.919





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Abel Losada Alvarez, Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, María Quintas Alvarez e José Tomé Roca,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

## Exposición de Motivos

Galicia, un territorio desenvolvido, necesita para poder competir no mercado global un importante aumento da competitividade da súa economía. É imprescindible avanzar cara unha sociedade e unha economía mais baseadas no coñecemento.

Un mensaxe que non é novo, pero si que e nova a urxencia e a importancia estratéxica do mesmo. A economía do coñecemento é a única opción para reforzar as nosas estratexias de desenvolvemento.

A pesares disto, a política do Goberno de Núñez Feijoo en relación coa investigación, o desenvolvemento e a innovación é, literalmente, inexistente. Este Goberno tense limitado a continuar nalgúns casos coas liñas de apoio a investigación e o desenvolvemento do anterior Plan INCITE, e atacando nalgúns casos dunha forma sectaria a herdanza recibida, como o desmantelamento da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento.

Resulta evidente que esta falla de iniciativa política comeza a ter os seus resultados; a carencia total de oportunidades e alternativas para aquelas persoas que queren dedicar a súas carreiras profesionais a investigación.

Neste contexto de desgoberno, en decembro deste ano 2010 rematan os fondos europeos que permitiron desenvolver o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE). E a falla de resposta do Goberno de Galicia e a incerteza dos investigadores, os equipos de investigación e as universidades.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 50712
Data envío: 29/09/2010 16:24:21.919





Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Presentar, antes do mes de decembro de 2010, na Cámara galega un novo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica cun horizonte temporal (2011-2015).

- Unha plan que ten que centrarse en dous ámbitos esenciais:

    - Apostar polos recursos humanos, aumentando o número de persoas dedicadas a I+D+i, reforzado a carreira profesional e introducindo unha mellora cualitativa nos contratos firmados.

    - Apostar pola construción efectiva dun verdadeiro ecosistema de innovación, creando novos centros tecnolóxicos e novas infraestruturas científico - tecnolóxicas.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
María Quintas Alvarez
José Tomé Roca
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 50712
Data envío: 29/09/2010 16:24:21.919



**Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/09/2010 16:22:25**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 29/09/2010 16:22:34**

**María Concepción Burgo López na data 29/09/2010 16:22:40**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 29/09/2010 16:22:45**

**José Tomé Roca na data 29/09/2010 16:22:51**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2010 16:22:59**

Partido dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 18:14
Nº Rexistro: 50715
Data envío: 29/09/2010 18:14:57.229





**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Fraga Santos, Carmen Acuña do Campo, Mar Barcón Sánchez, Carmen Cajide Hervés e Beatriz Sestayo Doce,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Foron moitos os logros acadados nos últimos anos na loita contra a homofobia e no recoñecemento de dereitos de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.

No ano 2005 un goberno socialista impulsou a aprobación dunha lei que posibilita o matrimonio entre persoas do mesmo sexo e o exercicio de cantos dereitos implica, a pesar da oposición do PP.

As lesbianas, gays, transexuais e bisexuais levan sufrido numerosas discriminacións e malos tratos ao longo da historia. Na actualidade son moitas as persoas que sofren ataques físicos e verbais unicamente pola súa orientación sexual.

Hai poucos días vimos de ter coñecemento dunha agresión homófoba a dous rapaces na cidade da Coruña. A consecuencia da cal sufriron lesións de bastante gravidade.

Estas agresións homófobas non son un feito illado, senón unha situación que se produce con demasiada frecuencia. Por iso é fundamental que todas as administracións públicas se impliquen na loita contra a homofobia con diferentes instrumentos, informando e orientando a aquelas persoas que poden sufrir ou vivir algunha destas situacións, que atenta contra a súa dignidade e contra a súa liberdade individual.

A información e a educación son os camiños para acadar unha sociedade máis xusta, onde as persoas poidan vivir en sintonía coa súa orientación sexual en todas as nosas vilas e cidades.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é necesario poñer en marcha un servizo encamiñado á formación e información do feito LGTB como forma de loitar contra a homofobia.

Creemos que se deben crear un conxunto de ferramentas e recursos que aseguren unha axeitada e acertada atención fronte a calquera tipo de discriminación ou abusos que atenten contra a dignidade e a integridade física das lesbianas, gays, transexuais e bisexuais, así como un correcto asesoramento a pais e adolescentes sobre calquera dúbida ou problema co que se poidan atopar.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en aprobación en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Poñer en marcha en todas as cidades de máis de 50 mil habitantes e nas cabeceiras de comarca o servizo de información e mediación LGTB, que realizaría, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Campañas e actuacións concretas en colaboración cos centros de ensino para combater as diferentes actitudes homófobas que se poidan producir nos mesmos. Traballando tamén na formación do profesorado neste campo.

b) Asesoramento a todas aquelas persoas que se acheguen en busca de orientación información para aqueles/aquelas que teñan vivido casos de homofobia, *mobbing* ou calquera outro problema relacionado coa súa orientación sexual.

c)Asesoramento a familiares da poboación LGTB que busquen recursos, se lle planteen dificultades ou inseguridades en relación aos seus fillos/fillas ou demais familiares.

d) Conducir e orientar a aquelas persoas que teñan decidido acudir a xustiza a consecuencia de ter sufrido unha agresión homófoba.

e) Traballar na prevención de ETS.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2010

Asdo: Silvia Fraga Santos
Mar Barcón Sánchez
Carmen Acuña do Campo
Carmen Cajide Herbés
Beatriz Sestayo Doce
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Belén Fraga Santos na data 29/09/2010 18:03:55**

**Mar Barcón Sánchez na data 29/09/2010 18:04:03**

**María Carmen Acuña Docampo na data 29/09/2010 18:04:10**

**Maria del Carmen Cajide Herves na data 29/09/2010 18:04:19**

**Beatriz Sestayo Doce na data 29/09/2010 18:04:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2010 18:04:29**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Acuña do Campo, Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez, Juan Carlos Francisco Rivera e Guillermo Meijón Couselo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

## Exposición de Motivos

A comunidade educativa do IES Carlos Casares de Viana está a manifestar a súa grande preocupación ante o que pode representar a perda dun 20% do seu alumnado matriculado en Bacharelato.

Nas condicións actuais, existe un perigo fundamentado de que o alumnado da citada etapa educativa que reside na Veiga cambie a súa matrícula para centros doutros concellos que conten con transporte público, unha vez que parece confirmarse a decisión da actual administración educativa de deixalos sen acceso ao transporte escolar.

Unha situación que, como ben indican membros da propia comunidade educativa, leva ademais implícita unha seria ameaza sobre a propia sostibilidade do Bacharelato no IES Carlos Casares de Viana.

Ata o presente curso, viña funcionando un acordo que a comunidade educativa do IES Carlos Casares de Viana tiña acadado hai catro anos coa administración educativa do goberno anterior. Deste modo, o alumnado de Bacharelato podía utilizar o servizo de transporte escolar do centro ao contar con prazas suficientes no autobús que facía o citado servizo.

Este curso, a decisión unilateral da empresa de transporte, coa aparente aprobación da actual Consellería de Educación, veu a substituír o vehículo que utilizaban ata agora por un microbús, de forma que o alumnado de Bacharelato xa non conta con prazas para poder utilizalo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, coa máxima urxencia, arbitre as medidas necesarias para que, ao igual que viña acontecendo en cursos anteriores, o alumnado de Bacharelato do IES Carlos Casares residente na Veiga, volva a contar con prazas á súa disposición no transporte escolar.**

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Pablo Xabier López Vidal
María Quintas Alvarez
Juan Carlos Francisco Rivera
Guillermo Meijón Couselo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 30/09/2010 11:07:39**

**Pablo Xabier López Vidal na data 30/09/2010 11:07:50**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 30/09/2010 11:07:55**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/09/2010 11:08:01**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 30/09/2010 11:08:09**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2010 11:08:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 12:01
Nº Rexistro: 50935
Data envío: 30/09/2010 12:01:27.040

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e o deputado **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

O 18 de decembro de 2008 fíxose efectivo o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e o Goberno galego para a financiación de prazas públicas do primeiro ciclo de educación infantil.

Dito convenio comprometía ao Goberno galego a construír 15 novas escolas, creando deste xeito 1.111 prazas. A Escola Infantil de Tomiño, dotada de 6 unidades e 82 prazas era unha destas 15 escolas. Con data de 4 de setembro do 2009 o Goberno galego contestou a esta deputada, a respecto do futuro desta escola, que "no caso concreto de Tomiño hai un proxecto adxudicado, pero non existe nin crédito reservado nin crédito dispoñible. A licitación farase a partir de outubro con cargo aos orzamentos do 2010. Esta previsto o funcionamento antes de decembro de 2010".

Posteriormente no Parlamento de Galiza o Xerente do Consorcio afirmou estar estudando a posibilidade de construír esta Escola Infantil a través do seguinte convenio co Ministerio e a cargo, outra vez, do programa Educa3.

Nunha recente visita do propio Sr. Núñez Feijoo a unha Escola Infantil este afirmou

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 12:01
Nº Rexistro: 50935
Data envío: 30/09/2010 12:01:27.040

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que vai "sacar os cartos de debaixo das pedras". Isto logo de que o Goberno galego, que el mesmo dirixe, deixará sen executar –e polo tanto deixara perder- os orzamentos que para tal fin dispuxera o Ministerio.

Ante esta contradición entre a propaganda e os feitos, consideramos necesario presentar a seguinte Proposición non de Lei:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a construír a Escola Infantil de Tomiño seguindo o compromiso que adquiriu co Ministerio de Educación e a cidadanía de Tomiño en decembro de 2008"

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 30/09/2010 11:11:27**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 30/09/2010 11:11:31**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 17:20
Nº Rexistro: 50957
Data envío: 30/09/2010 17:20:20.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á supresión das taxas impostas ás veciñas e veciños da illa de Ons por parte do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nova ameaza contra as veciñas e veciños da illa de Ons. Nova vulneración do dereito inalienábel a posuíren e habitaren as súas propias vivendas, en casos cunha antigüidade de séculos. O ataque procede agora do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas, que pretende o cobro dunhas taxas inasumíbeis, que poderían provocar directamente a expulsión das veciñas e veciños da illa na que naceron e a renunciar ás súas propias vivendas.

Efectivamente, entre o pagamento por metro cadrado de vivenda, de inmóbeis non residenciais, e de solo non construído, unha vivenda pode pasar a ter que pagar máis de 1.000 euros.

Tendo en conta a extracción social popular e humilde de moitos dos illenos, e mesmo a terríbel carencia de servizos mínimos (luz, auga accesibilidade, saneamento, servizos públicos, etc.), resulta absolutamente escandalosa a decisión de penalizar a veciñas e veciños que cometesen o "terríbel delito" de viviren en Ons, de seren fillos e netos de habitantes de Ons, aos que non se lles recoñeceu, de xeito tan teimudo como inxusto, os seus dereitos históricos.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 17:20
Nº Rexistro: 50957
Data envio: 30/09/2010 17:20:20.754

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1º) Por en marcha as medidas precisas conducentes á supresión das taxas impostas ás veciñas e veciños da illa de Ons por parte do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

2º) Elaborar e presentar no Parlamento de Galiza un novo marco legal que recoñeza os dereitos históricos das veciñas e veciños de Ons, isto é, o acceso efectivo e con plena validez xurídica á propiedade sobre as súas vivendas e terras.

3.º) Presentar no Parlamento de Galiza un plano de dotación de servizos (subministración eléctrica, subministración de auga, saneamento e depuración, mellora de accesibilidade e comunicación, etc) no prazo de tres meses.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 30/09/2010 17:18:39**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 17:22
Nº Rexistro: 50961
Data envío: 30/09/2010 17:22:10.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas para o pagamento de axudas a todos os mariñeiros afectados pola paralización da campaña do bocareu do ano 2009.

Transcorrido xa máis de ano e medio, e hai mariñeiros galegos afectados polo paro da campaña do bocareu no Golfo de Bizkaia no ano 2009 que aínda non cobraron as axudas públicas correspondentes á Xunta de Galiza comprometidas por ese motivo.

A parte correspondente ao Goberno español xa foi pagada. Outras comunidades autónomas, como o caso de Euskadi, xa efectuaron tamén o pagamento aos seus mariñeiros. Mais na Galiza non. Interpretación curiosa a do Goberno do Partido Popular. Defende a pintoresca e insólita tese de que aqueles tripulantes que no ano 2010 xa non estean embarcados carecen do dereito a accederen ás axudas, aínda que sexan afectados pola parada de 40 días do ano 2009. Incríbel. A "austeridade" que o Goberno do Partido Popular non practica na Cidade da Cultura ou en campañas propagandísticas e publicitarias, pretende agora aplicarlla sen escrúpulos aos mariñeiros.

Nun contexto de crise económica como a que se está a padecer resulta intolerábel que mariñeiros galegos sigan sen cobrar o que a Consellaría do Mar lles debe.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2010 17:22
Nº Rexistro: 50961
Data envío: 30/09/2010 17:22:10.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Pesca e Marisqueo:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a efectuar, de xeito inmediato, o pagamento das axudas a todos os tripulantes de buques pesqueiros con porto base na Galiza afectados pola paralización da actividade pesqueira na costeira do bocareu durante o ano 2009, con independencia da súa actual vinculación aos buques nos que embarcaron.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 30/09/2010 17:11:53**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2010 13:52
Nº Rexistro: 50706
Data envío: 29/09/2010 13:52:17.453

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo**, **Modesto Pose Mesura**, **José Tomé Roca**, e **Beatriz Sestayo Doce**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 5.ª, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e 98, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia urxente** na **Comisión 5ª** da **Excma. Sra. conselleira de Sanidade** para explicar, dada a alarma social xerada, o problema presuntamente infeccioso xurdido no Complexo Hospitalario de Ourense que ocasionou unha grave complicación na saúde de varios pacientes e mesmo un falecemento.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Beatriz Sestayo Doce
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 29/09/2010 13:51:16**

**Modesto Pose Mesura na data 29/09/2010 13:51:22**

**José Tomé Roca na data 29/09/2010 13:51:28**

**Beatriz Sestayo Doce na data 29/09/2010 13:51:33**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XACOBEO 2010
Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
-1 OUT. 2010
SAÍDA
Núm. 5474

... DE GALICIA
... ENTRADA
52058

Ao abeiro do disposto nos artigos 98.1 e 143 do Regulamento da Cámara, solicítase a comparecencia -ante a *Comisión 2ª, "Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos"*, e con carácter **urxente**- do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar **"do proceso de licitación da autovía Carballo-Berdoias e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto".**

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Ro... C...o García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XACOBEO 2010 Galicia

50943

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
30 SET. 2010
SAÍDA
Núm. 5443

Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia, ante a Comisión 5ª, *"Sanidade, Política Social e Emprego"*, da directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde para informar sobre **"os resultados da auditoría realizada sobre os procesos selectivos"**.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 10:16
Nº Rexistro: 49478
Data envío: 24/09/2010 10:16:57.338

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Carme Adán Villamarín**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Comisión**, relativa á valoración da Xunta de Galiza dos problemas detectados na comarca de Compostela no inicio de curso 2010-2011, así como as medidas que vai adoptar a Consellaría de Educación para solucionalos.

O inicio deste curso escolar ven marcado na comarca de Compostela por unha serie de problemas aos que a Xunta de Galiza non está a dar a resposta. Situacións que merman a calidade do ensino público e que van en detrimento do dereito do alumnado a recibir oferta de ensino de calidade na Galiza.

Os problemas aos que nos referimos teñen a ver coa redución de profesorado, o que implica que moitos centros non teñan unha vez iniciado o curso as súas necesidades cubertas e con diversas obras que estaban pendentes nos centros que

En relación co recorte de profesorado sinalar que no Conservatorio de Música de Santiago, veñen reclamando un subalterno e administrativo desde o curso pasado e neste ano, unha solicitude de profesor de linguaxe musical. Este profesor non foi aínda concedido pola administración educativa e xa implicou a supresión dun grupo, un incremento das ratios no resto de grupos e que ficara sen praza potencial alumnado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 10:16
Nº Rexistro: 49478
Data envio: 24/09/2010 10:16:57.338

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais este recorte afecta a outros centros como pode ser o CEIP de Portomouro (Val do Dubra) onde se tivo que agrupar 1º e 2º nunha única aula ou casos como o CEIP de Lamas de Abade, onde tampouco se concederon máis aulas de infantil.

Temos constancia ademais dun número significativo de centros que teñen necesidades de profesorado que a Xunta de Galiza non atende nos concellos de Ordes, Teo ou Santiago. Esta situación ten provocado que mesmo no caso do concello de Brión se teña producido a dimisión do equipo directivo.

Tamén existen centros que iniciaron o curso con obras pendentes ou comprobamos como se ten suprimido unha escola unitaria no concello de Touro.

Estes datos poñen de manifesto como a Xunta de Galiza está aplicando recortes no ámbito do ensino público que colisionan coa propaganda que a Consellaría de Educación.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

**1ª)** Que valoración lle merece á Xunta de Galiza o inicio de curso na comarca de Compostela?

**2ª)** Cal é o número de profesores solicitados polos equipos directivos para os centros de ensino na comarca de Compostela?

**3ª)** Cal foi finalmente o número de profesorado co que dotou a Xunta de Galiza a cada un dos centros?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 10:16
Nº Rexistro: 49478
Data envío: 24/09/2010 10:16:57.338

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**4ª)** Cal era o número de profesorado deses centros educativos no curso 2009-2010?

**5ª)** Cantos centros tiñan obras sen rematar no inicio de curso?

**6ª)** Que solucións vai articular a Xunta de Galiza ante esta situación?

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2010-09-24

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**
**Carme Adán Villamarín**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/09/2010 10:16:11**

**María do Carme Adán Villamarín na data 24/09/2010 10:16:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:37
Nº Rexistro: 49511
Data envío: 24/09/2010 11:37:59.104



## Á MESA DO PARLAMENTO

Cristina Romero Fernández, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes – Carpegna, José C. López Campos, Ángeles Díaz Pardo, Pedro Arias Veira e Alberto Sueiro Pastoriza, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Na nosa comunidade existen numerosos locais de negocio establecidos dende hai mais de 20 anos.

A pesares dos momentos actuais de tremenda dificultade económica, moitos destes comerciantes seguen a manter a súa actividade e os postos de traballo que xeran.

Pero nos vindeiros anos os comerciantes vanse a atopar cunha nova dificultade, xa que moitos deles vanse a ver afectados pola extinción dos seus contratos de arrendamento ao rematar o prazo previsto nas disposicións transitorias da lei 29/1994 de Arrendamentos Urbanos.

Isto obrigaríalles, se queren continuar ca súa actividade, a trasladar o seu negocio cara a outro local, o no peor dos casos ao peche do mesmo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Consellería de Economía e Industria habilitar dentro do Plan Ágora- Agora Re- Comercia unha liña de axudas especificas para traslado de negocio cara a outro local, en vistas a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:37
Nº Rexistro: 49511
Data envio: 24/09/2010 11:37:59.104



manter a actividade e os postos de traballo nos supostos nos que se poda dar esta circunstancia?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/09/2010 11:36:55**

**Natalia Barros Sánchez na data 24/09/2010 11:37:07**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/09/2010 11:37:11**

**José Carlos López Campos na data 24/09/2010 11:37:16**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 24/09/2010 11:37:21**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 24/09/2010 11:37:26**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/09/2010 11:37:30**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 49514
Data envío: 24/09/2010 11:43:37.394

BNG
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago** e **Teresa Táboas Veleiro**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á paralización do polígono loxístico de Leixa (Ferrol).

O polígono loxístico de Leixa en Ferrol tiña unha superficie prevista de 900.623 metros cadrados e sería desenrolado pola entidade "Suelo Empresarial del Atlántico" (SEA), unha sociedade participada nun 85% polo Goberno central, a través da SEPI, e o 15% restante a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galiza. Por tanto, aínda que nunha pequena parte (15%) o Goberno galego é responsábel da súa execución.

En Marzo de 2010, o Grupo parlamentar do BNG interesouse pola situación de paralización do polígono a través da iniciativa con número de rexistro 26653, na que se lle pregunta ao Goberno galego polas causas da paralización do proxecto e as medidas que se impulsarían dende a Xunta para resolver esta paralización.

Con data 23 de Agosto, o Goberno galego responde por escrito a esta iniciativa co número de rexistro 46210, co texto que reproducimos: «Debido ao contido da iniciativa e ás competencias da Consellería de Economía e Industria, consideramos que non é oportuno aportar información para a correcta resposta da mesma.»

Entendemos que esta resposta non se corresponde, nin coa obriga de informar ao Parlamento que ten o Goberno, nin coa responsabilidade que se deriva da participación na sociedade encargada de desenvolver o polígono industrial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 49514
Data envío: 24/09/2010 11:43:37.394

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É, por todo o que antecede, que o Grupo parlamentar do BNG realiza de novo as preguntas non atendidas polo Goberno galego para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) ¿Cál é o motivo de que o Goberno galego considere non oportuno responder ás preguntas realizadas na iniciativa rexistrada co número 26653 sobre a situación e o futuro do parque empresarial e loxístico de San Pedro de Leixa?

2.ª) ¿Que posicionamento ten a Xunta de Galiza con respecto ao parque empresarial e loxístico de San Pedro de Leixa, en Ferrol?

3.ª) ¿Por qué motivos á sociedade que o promove, Solo Empresarial do Atlántico –participada nun 85% pola SEPI e nun 15% pola Xunta de Galiza- ten paralizada a construción deste polígono?

4.ª) ¿É certo que a SEA esixe un compromiso de ocupación do 50% da superficie empresarial para poder continuar co mesmo?

5.ª) ¿Comparte a Xunta de Galiza esta esixencia?

6.ª) ¿Que medidas ten previsto tomar o Goberno da Xunta para axilizar o proceso de construción do parque loxístico de Leixa?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 49514
Data envío: 24/09/2010 11:43:37.394

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/09/2010 11:33:00**

**Teresa Táboas Veleiro na data 24/09/2010 11:33:08**

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Mª Angeles Díaz Pardo, Marisol Piñeiro Martínez, Paula Prado del Río, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, José C. López Campos, Cristina Romero Fernández, Pedro M. Arias Veira** e **Alberto Sueiro Pastoriza,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

A Consellería de Economía e Industria ven de publicar unha liña de axudas, cun orzamento de 3,5 millóns de euros, que lles serán concedidas ás empresas galegas para realizar investimentos innovadores que melloren a competitividade das PEMES e incrementen a súa capacidade tecnolóxica e innovadora.

Co obxecto de contribuír á dispoñibilidade de liquidez das PEMES para poder sacar adiante eses proxectos innovadores que modernizarán a empresa, a Consellería ven de aprobar igualmente unha orden pola que autoriza o pagamento de anticipos de ata o 80% das axudas que lles serán concedidas as pequenas e medianas empresas para realizar os investimentos innovadores.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Cantas solicitudes se recibiron para esta liña de axudas para proxectos innovadores das PEMES?

2.- ¿Considera a Consellería que o anticipo das axudas animou os pequenos empresarios a inverter en proxectos innovadores?

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2010

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:04
Nº Rexistro: 49518
Data envío: 24/09/2010 13:04:40.738

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 24/09/2010 11:37:14**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/09/2010 11:37:19**

**Paula Prado del Río na data 24/09/2010 11:37:27**

**Natalia Barros Sánchez na data 24/09/2010 11:37:37**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/09/2010 11:37:48**

**José Carlos López Campos na data 24/09/2010 11:37:58**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/09/2010 11:38:08**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 24/09/2010 11:38:17**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/09/2010 11:38:27**

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:05
Nº Rexistro: 49520
Data envio: 24/09/2010 13:05:24.519

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Mª Ángeles Díaz Pardo, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, José C. López Campos, Cristina Romero Fernández, Pedro M. Arias Veira** e **Alberto Sueiro Pastoriza,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

O sector naval en Galicia é un sector estratéxico da nosa Comunidade e motor da economía tano no Norte (Ferrolterra) como no Sur (Vigo), xerando un número importante de empresas auxiliares dos estaleiros que dan emprego nas comarcas.

O prestixio dos nosos estaleiros é recoñecido a nivel mundial e por ende tamén o das empresas auxiliares, por iso parece interesante a iniciativa da Consellería de Economía e Industria de crear unha marca de garantía de calidade para o sector naval que servirá de carta de presentación cara os armadores de todo o mundo.

Esta marca de calidade oriéntase tanto de cara as empresas a través do Selo Naval e de cara os traballadores a través da Credencial naval Galega.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Cales son os beneficios que comporta esta marca de garantía de calidade as empresas e traballadores do sector naval?

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:05
Nº Rexistro: 49520
Data envio: 24/09/2010 13:05:24.519

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

**María Ángeles Díaz Pardo na data 24/09/2010 11:42:14**

**Natalia Barros Sánchez na data 24/09/2010 11:42:24**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/09/2010 11:42:32**

**José Carlos López Campos na data 24/09/2010 11:42:40**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/09/2010 11:42:49**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 24/09/2010 11:42:57**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/09/2010 11:43:07**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:05
Nº Rexistro: 49521
Data envío: 24/09/2010 13:05:53.065



**Á Mesa do Parlamento**

**Mª Angeles Díaz Pardo, Manuel S. Ruiz Rivas, Natalia Barros Sánchez, Pablo Cobián Fernández-de la Puente, Javier Escribano Rodríguez, Carlos Negreira Souto, Marisol Piñeiro Martínez, Paula Prado del Río, Pedro Puy Fraga, María Seoane Romero, Alberto Sueiro Pastoriza, Pedro M. Arias Veira** e **Cristina Romero Fernánez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Un dos obxectivos prioritarios da política económica é o apoio as empresas, dentro dun contexto de globalización e competitividade, en busca de novos mercados sobre todo nos países emerxentes de alto crecemento como poden ser Brasil, Rusia, India, China ou México.

En concreto, a Consellería de Economía e Industria, no seu esforzo pola dinamización da economía galega, estableceu todo un abano de liñas axustadas ás necesidades das empresas. A vista dos recentes datos positivos de crecemento da economía galega, que duplican os rexistros a nivel nacional, e importante coñecer como funcionaron ou están a funcionar as devanditas liñas postas en funcionamento a través do IGAPE.

Por todo o exposto os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.- ¿Cal foi a demanda das empresas das liñas de axuda ofertadas polo IGAPE?

2.- ¿Cal é a valoración da Consellería respecto ó número de solicitudes recibidas?

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2010

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:05
Nº Rexistro: 49521
Data envío: 24/09/2010 13:05:53.065



**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 24/09/2010 12:08:48**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 24/09/2010 12:08:57**

**Natalia Barros Sánchez na data 24/09/2010 12:09:05**

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 24/09/2010 12:09:14**

**Javier Escribano Rodríguez na data 24/09/2010 12:09:26**

**Carlos Negreira Souto na data 24/09/2010 12:09:35**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/09/2010 12:09:40**

**Paula Prado del Río na data 24/09/2010 12:09:49**

**Pedro Puy Fraga na data 24/09/2010 12:10:00**

**Maria Seoane Romero na data 24/09/2010 12:10:11**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/09/2010 12:10:21**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 24/09/2010 12:10:28**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/09/2010 12:10:38**

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Mª Angeles Díaz Pardo, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, José C. López Campos, Cristina Romero Fernández, Pedro M. Arias Veira** e **Alberto Sueiro Pastoriza,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta son claros os esforzos que se realizan no só para a creación de novas industrias se non para o mantemento das xa existentes, tratando de paliar moitas das veces as nefastas políticas do goberno central que inciden de maneira negativa na nosa economía.

Unha desas medidas adoptadas é o Plan Re-móvete comercial que se desenvolveu durante o 2009 e se está a desenvolver durante o 2010 para recuperar as vendas no sector da automoción, cunha achega orzamentaria aproximada de 21 millóns de euros como apoio á substitución de vehículos de mais de 10 anos ou máis de 250.000 Km.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

¿Como respondeu o mercado a este incentivo da Consellería de Economía e Industria para a venda de vehículos?

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 24/09/2010 13:02:27**

**Natalia Barros Sánchez na data 24/09/2010 13:02:34**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:06
Nº Rexistro: 49522
Data envío: 24/09/2010 13:06:25.236



**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/09/2010 13:02:43**

**José Carlos López Campos na data 24/09/2010 13:02:53**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/09/2010 13:03:05**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 24/09/2010 13:03:18**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 24/09/2010 13:03:28**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:07
Nº Rexistro: 49493
Data envío: 24/09/2010 11:07:48.216

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Alfredo Suárez Canal** e **María Tereixa Paz Franco**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre convenios para infraestruturas deportivas

O Presidente da Deputación de Ourense, en resposta a demandas dos concellos, contesta que o plan de actuacións en infraestruturas deportivas na provincia para o ano 2010 está parado debido á negativa ou retraso da Secretaria Xeral para o Deporte. O certo é que no tema das infraestruturas deportivas non é posíbel coñecer cales son os criterios que manexa a Secretaria Xeral para o Deporte, nin cales son os investimentos que se levan feito e cales se van facer no horizonte inmediato.
Dende logo sería bo coñecer por parte de todos, e sobre todo polos concellos, as perspectivas de actuación, criterios de reparto, investimentos previstos, prioridades a seguir, etc. Parece claro que si isto non se fai o que pode estar indicando é que non se queren criterios, nin plan, nin perspectivas de futuro para poder ter unha marxe de actuación discrecional practicamente total.

Ante isto, queremos preguntar:

1.ª) ¿Cal é o listado concreto dos investimentos en infraestruturas deportivas nos que ten participado en todo ou en parte a Secretaria Xeral para o Deporte dende xuño de 2009 ate hoxe? (Solicitamos nome da actuación, concello onde se produciu, inicio e finalización ,si é o caso, da obra, presuposto da mesma, porcentaxe de participación de cada administración ou entidade na mesma).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:07
Nº Rexistro: 49493
Data envío: 24/09/2010 11:07:48.216

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.ª) ¿Cal é o listado das obras en infraestruturas deportivas que se teñen realizado ou iniciado xa no ano 2010 e cales se van a abordar? (Solicitamos o desglose cos mesmos conceptos que na resposta anterior)

3.ª) ¿Cal é o listado de convenios asinados con outras administracións ou entidades para realización de infraestruturas deportivas no ano 2009 e no ano 2010? (Solicitamos nome da actuación, concello onde se produciu, inicio e finalización ,si é o caso, da obra, presuposto da mesma, porcentaxe de participación de cada administración ou entidade na mesma).

4.ª) ¿Cal é o plan de actuación en infraestruturas deportivas para o ano 2010?

5.ª) ¿Cales son os criterios do reparto dos investimentos?

6.ª) ¿Coñecen eses criterios os concellos?

7.ª) ¿Cales son as perspectivas de actuación en infraestruturas deportivas para o futuro?

8.ª) ¿Con que criterios de reparto se vai actuar?

9.ª) ¿Existe algunha perspectiva de asinar convenios coas deputacións para a realización de infraestructuras deportivas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 11:07
Nº Rexistro: 49493
Data envío: 24/09/2010 11:07:48.216

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10ª) ¿Tense retrasado esa sinatura por algunha causa no 2010?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2010.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
María Tereixa Paz Franco
Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alfredo Suárez Canal na data 24/09/2010 11:04:58**

**María Tereixa Paz Franco na data 24/09/2010 11:05:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:36
Nº Rexistro: 49524
Data envío: 24/09/2010 13:36:49.326

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Ana Luisa Bouza Santiago**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión,** relativa á valoración da Xunta de Galiza en relación coa situación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

A atención sanitaria é un dos elementos máis sensíbeis do noso sistema de benestar, constituíndo unha peza básica do mesmo. A garantía do dereito á saúde das persoas só pode efectivizarse se existen uns servizos públicos de cobertura universal que dean resposta ás demandas do conxunto da poboación.

Desde o BNG vemos con preocupación o deterioro que se produce en certos ámbitos como consecuencia dunha política restritiva e de recortes no ámbito público, mentres se abren as portas á privatización. Son preocupantes os problemas que se veñen denunciando no CHUS. Recentemente o Comité de empresa deste centro alertou que a mala xestión da xerencia deste hospital está deteriorando o funcionamento do mesmo. Unha boa mostra é o incremento das listas de espera que se ven rexistrando en moitas especialidades, o abuso da derivación a clínicas privadas ou a falta de solucións a situacións tan sensíbeis como a atención a nenas e nenos con necesidades físico-psíquicas. Tampouco axuda as prácticas de nepotismo que vimos nalgún caso, que só contribúen ao desprestixio do funcionamento deste centro público.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG reclama que esta situación se corrixa e se tomen as medidas oportunas para solucionar estes problemas que van en detrimento do dereito á saúde que a todas e todos nos asiste.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que valoración realiza a Xunta de Galiza do funcionamento do CHUS?
2.ª) Que valoración realiza a Xunta de Galiza da evolución das listas de espera no CHUS?
3.ª) Que medidas vai adoptar para reducir as listas de espera no CHUS?
4.ª) Que previsións ten a Xunta de Galiza para mellorar a dotación de persoal da unidade de atención temperá no CHUS?
5.ª) Como valora a Xunta de Galiza a polémica xurdida co nomeamento do xefe de servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/09/2010 13:34:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:36
Nº Rexistro: 49524
Data envio: 24/09/2010 13:36:49.326

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/09/2010 13:34:45**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 13:43
Nº Rexistro: 49525
Data envio: 24/09/2010 13:43:13.787



Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Marisol Soneira Tajes** e **Guillermo Meijón Couselo,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Este inicio de curso escolar estase a caracterizar po las queixas xeneralizadas das ANPAS e centros escolares diante do recorte en profesorado e recursos impostos dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Na Costa da Morte son varios os centros educativos que teñen saído publicamente a denunciar o recorte desproporcionado en profesorado, oferta educativa e medios para o funcionamento ordinario. Perda de posibilidades de opción por determinadas materias optativas, incremento de alumnos por aula, recurso aos pais para poder manter un nivel aceptable de servizos nos centros respectivos, renuncia a programas formativos que viñan executándose durante anos e, sobre todo, a percepción dos pais e do conxunto da sociedade de que a educación non é un dos primeiros valores a preservar senón un elemento máis das políticas economicistas, son as consecuencias inmediatas de semellante política.

Pero as consecuencias a medio e longo prazo poden ser moito máis graves xa que estamos condenando a determinados territorios a partir de teitos educativos moito máis baixos pola sinxela razón de que non son o suficientemente rendibles en termos cuantitativos.

Así a maior oferta educativa, tanto na educación pública como na concertada e privada, faise nos contornos urbanos onde se "xustifican" polo maior número de alumnos, condenando as comarcas rurais ou menos dinámicas demograficamente, a ter unha educación de mínimos ou a enviar os seus fillos a centros radicados nas grandes vilas ou cidades.

Estamos, pois, diante dun fenómeno con consecuencias educativas, demográficas e económicas que solo serán perceptibles a medio e longo prazo.

A resposta da Xunta de Galicia ás manifestacións de rexeitamento e as protestas, por parte dos docentes, é a chamada a orde, as ameazas e utilización da inspección como elemento de presión.

A deputada e o deputado que asinan, diante desta situación, preguntan o Goberno galego:

1.ª) Cal é o número de docentes existentes nos centros educativos en cada un dos municipios que conforman as comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, especificados por centro e a súa relación co número existente no curso escolar 2009-2010?

2.ª) Cal é o orzamento de cada un dos centros antes mencionados e cal é a súa relación con respecto do curso escolar 2009-2010?

3.ª) Cantas, e cales materias optativas, con especificación de centro e concello destas tres comarcas, se impartían no curso 2009-2010, e cales as que se imparten no curso en vigor?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajes
Guillermo Meijón Couselo
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

**Marisol Soneira Tajes na data 24/09/2010 13:30:01**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 24/09/2010 13:30:06**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O Ministerio de Medio ambiente, Medio Rural e Mariño vén colaborando coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de actuacións en materia de desenvolvemento rural, aínda que as competencias nesa materia correspóndenlle á Administración autonómica.

Froito do compromiso do Goberno do Estado co desenvolvemento rural o Goberno do Estado aprobou a Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.

Unha lei para a acción, de aplicación no horizonte do 2014, en 219 zonas rurais cun enfoque multisectorial, de aplicación por zonas priorizadas e territorializadas, delimitadas e definidas polas CC.AA, que promove a participación activa do conxunto da sociedade a fin de atender especialmente a colectivos desprotexidos e con necesidades especiais, no ámbito do medio rural, nomeadamente as mulleres, e os discapacitados.

A lei establece as bases dunha política rural propia, como política de Estado adaptada a condicións económicas, sociais e medioambientais particulares do medio rural que complemente a aplicación dos instrumentos das políticas europeas con efectos no desenvolvemento rural nos próximos anos, para impulsar o desenvolvemento das zonas, prioritariamente as que padecen un grao maior de atraso, mellorando a situación socioeconómica da poboación das zonas rurais, e o acceso a servizos públicos suficientes e de calidade.

A lei identifica así un amplo número de posibles accións e medidas de desenvolvemento rural sostible que poden aplicar a AXE e as administracións autonómicas segundo as competencias.

A través do Programa de desenvolvemento rural sostible (PDRS), o MARM coa participación das CC.AA, e outros 16 ministerios, a FEMP e axentes económicos, sociais e ambientais, acadou un instrumento base sobre o que levar á práctica a nova política rural española, para definir a estratexia e os obxectivos de desenvolvemento rural, as zonas de aplicación e as medidas de desenvolvemento rural sostible

Froito dese traballo en marzo de 2009 clasifícanse as zonas rurais do PDRS (Programa de desenvolvemento rural sostible) cos criterios adoptados no consello para o Medio Rural, e a inclusión de 103 actuacións en diversos campos, da economía e o

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

emprego, das infraestruturas e os equipamentos, no ámbito do medioambiente, dos sevizos sociais, e da promoción da igualdade.

Para ensaiar a aplicación da lei, no ano 2008 e 2009 o MARM puxo en marcha convenios piloto coas CC.AA, por valor de 41,42 millóns no ano 2008, que contemplaban actuacións en 6 CC.AA, e no ano 2009, un total de 97,07 millóns de euros para levar a cabo actuacións en 12 CC.AA , entre elas Galicia.

No ano 2010, comeza a aplicación da lei co desenvolvemento do Programa de desenvolvemento rural sostible para o que deben redactarse os Plans de zona nas zonas rurais priorizadas.

O Plan de zona debe ser elaborado e aprobado polas CC.AA, mediante un proceso no que ten que haber participación e concertacións das actuacións, así como participación das entidades locais afectadas e os axentes sociais, ambientais e económicos da zona ou con actuación importante na zona, tal que o proceso de participación debe ser organizado e liderado polas CC.AA.

O Plan de zona debe ser o instrumento eficaz para o cumprimento dos obxectivos e principios sinalados pola lei, tal que inclúa unha descrición ampla da realidade da zona dende os principais aspectos económicos, infraestruturais, sociais e ambientais, a caracterización da zona rural orientada aos obxectivos e directrices do Programa, identificando e localizando as accións multisectoriais necesarias sobre as que se centrará o Plan, incluíndo o cadro orzamentario e financeiro de actuacións identificadas e cualificadas segundo os obxectivos previstos, así como o seguemento e a avaliación das repercusións do programa sobre os criterios de sostibilidade da zona rural.

O orzamento previsto polo MARM para a aplicación do Programa e o desenvolvemento dos plans de zona ascende a 905 millóns de euros para o período quinquenal de aplicación da lei.

Para o ano 2010 o MAR, aporta así, 181 millóns de euros, correspondéndolle a Galicia 17,01 millóns de euros para o ano 2010 e un total de 85, 07 millóns de euros para o período de aplicación da lei.

A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia debería ter avanzado para a elaboración e redacción dos Plans de Zona, tal que puideran poñerse en marcha para desenvolver actuacións nas zonas prioritarias, garantindo a execución do investimento previsto para Galicia pola Administración Xeral do Estado para o ano 2010.

Por iso formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 49534
Data envio: 24/09/2010 14:06:22.320

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1.ª) Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego a fin de organizar e elaborar os Plans de zona para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural?

2.ª) Está a traballar o Goberno galego de cara a elaboración dos programas de participación pública a fin de promover a participación das entidades locais e os axentes sociais, ambientais e económicos da zona na elaboración dos Plans de zona?

3.ª) Cando ten previsto o Goberno galego a aprobación dos Plans de zona?

4.ª) Que medidas ou actuacións se inclúen dentro dos distintos Plans de zona en cada eixo estratéxico a fin de cumprir cos obxectivos previstos na Lei?

5.ª) Que xestións levou a cabo o Goberno galego a fin de acadar a concertación coa Administración xeral do Estado para a posta en marcha das accións incluídas nos Plans de zona para a aplicación da lei?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 13:57:45**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O Ministerio de Medio ambiente, Medio Rural e Mariño vén colaborando coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de actuacións en materia de desenvolvemento rural, aínda que as competencias nesa materia correspóndenlle á Administración autonómica.

Froito do compromiso do Goberno do Estado co desenvolvemento rural o Goberno do Estado aprobou a Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.

Unha lei para a acción, de aplicación no horizonte do 2014, en 219 zonas rurais cun enfoque multisectorial, de aplicación por zonas priorizadas e territorializadas, delimitadas e definidas polas CC.AA, que promove a participación activa do conxunto da sociedade a fin de atender especialmente a colectivos desprotexidos e con necesidades especiais, no ámbito do medio rural, nomeadamente as mulleres, e os discapacitados.

A lei establece as bases dunha política rural propia, como política de Estado adaptada a condicións económicas, sociais e medioambientais particulares do medio rural que complemente a aplicación dos instrumentos das políticas europeas con efectos no desenvolvemento rural nos próximos anos, para impulsar o desenvolvemento das zonas, prioritariamente as que padecen un grao maior de atraso, mellorando a situación socioeconómica da poboación das zonas rurais, e o acceso a servizos públicos suficientes e de calidade.

A lei identifica así un amplo número de posibles accións e medidas de desenvolvemento rural sostible que poden aplicar a AXE e as administracións autonómicas segundo as competencias.

A través do Programa de desenvolvemento rural sostible (PDRS), o MARM coa participación das CC.AA, e outros 16 ministerios, a FEMP e axentes económicos, sociais e ambientais, acadou un instrumento base sobre o que levar á práctica a nova política rural española, para definir a estratexia e os obxectivos de desenvolvemento rural, as zonas de aplicación e as medidas de desenvolvemento rural sostible

Froito dese traballo en marzo de 2009 clasifícanse as zonas rurais do PDRS (Programa de desenvolvemento rural sostible) cos criterios adoptados no consello para o Medio Rural, e a inclusión de 103 actuacións en diversos campos, da economía e o

emprego, das infraestruturas e os equipamentos, no ámbito do medioambiente, dos sevizos sociais, e da promoción da igualdade.

Para ensaiar a aplicación da lei, no ano 2008 e 2009 o MARM puxo en marcha convenios piloto coas CC.AA, por valor de 41,42 millóns no ano 2008, que contemplaban actuacións en 6 CC.AA, e no ano 2009, un total de 97,07 millóns de euros para levar a cabo actuacións en 12 CC.AA , entre elas Galicia.

No ano 2010, comeza a aplicación da lei co desenvolvemento do Programa de desenvolvemento rural sostible para o que deben redactarse os Plans de zona nas zonas rurais priorizadas.

O Plan de zona debe ser elaborado e aprobado polas CC.AA, mediante un proceso no que ten que haber participación e concertacións das actuacións, así como participación das entidades locais afectadas e os axentes sociais, ambientais e económicos da zona ou con actuación importante na zona, tal que o proceso de participación debe ser organizado e liderado polas CC.AA.

O Plan de zona debe ser o instrumento eficaz para o cumprimento dos obxectivos e principios sinalados pola lei, tal que inclúa unha descrición ampla da realidade da zona dende os principais aspectos económicos, infraestruturais, sociais e ambientais, a caracterización da zona rural orientada aos obxectivos e directrices do Programa, identificando e localizando as accións multisectoriais necesarias sobre as que se centrará o Plan, incluíndo o cadro orzamentario e financeiro de actuacións identificadas e cualificadas segundo os obxectivos previstos, así como o seguemento e a avaliación das repercusións do programa sobre os criterios de sostibilidade da zona rural.

O orzamento previsto polo MARM para a aplicación do Programa e o desenvolvemento dos plans de zona ascende a 905 millóns de euros para o período quinquenal de aplicación da lei.

Para o ano 2010 o MAR, aporta así, 181 millóns de euros, correspondéndolle a Galicia 17,01 millóns de euros para o ano 2010 e un total de 85, 07 millóns de euros para o período de aplicación da lei.

A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia debería ter avanzado para a elaboración e redacción dos Plans de Zona, tal que puideran poñerse en marcha para desenvolver actuacións nas zonas prioritarias, garantindo a execución do investimento previsto para Galicia pola Administración Xeral do Estado para o ano 2010.

Por iso formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1.ª) Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego a fin de organizar e elaborar os Plans de zona para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural?

2.ª) Está a traballar o Goberno galego de cara a elaboración dos programas de participación pública a fin de promover a participación das entidades locais e os axentes sociais, ambientais e económicos da zona na elaboración dos Plans de zona?

3.ª) Cando ten previsto o Goberno galego a aprobación dos Plans de zona?

4.ª) Que medidas ou actuacións se inclúen dentro dos distintos Plans de zona en cada eixo estratéxico a fin de cumprir cos obxectivos previstos na Lei?

5.ª) Que xestións levou a cabo o Goberno galego a fin de acadar a concertación coa Administración xeral do Estado para a posta en marcha das accións incluídas nos Plans de zona para a aplicación da lei?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 13:57:45**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 49538
Data envío: 24/09/2010 14:13:17.982





## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O sector agrícola e particularmente o sector lácteo afrontan dende hai máis dun ano unha crise sen precedentes.

Sendo o sector lácteo galego un sector estratéxico que dá emprego directo a máis de 30.000 persoas e de xeito indirecto a arredor de 60.000, cunha producción de 2,2 millóns de toneladas que representa o 37% da producción total do Estado, xerando un volume de negocio de máis de 700 millóns de euros, os produtores galegos supoñen o 56% do conxunto do Estado e malia iso sitúanse á cola de Europa.

As arredor de 11.950 explotacións leiteiras que quedan en Galicia venden a súa producción ao prezo máis baixo de Europa, e do Estado, soportando prezos en orixe de 0,27 euros, 3 céntimos menos que o que perciben pola súa producción os gandeiros en Francia, 3 céntimos menos do que cobran os nosos veciños produtores asturianos, mentres os custes de producción se sitúan nos 0,37 euros.

Tal é así que no último ano o prezo do leite acadou mínimos históricos, acadando o prezo máis baixo dende hai 5 anos, e apenas 3.000 explotacións venden o leite con contrato o que supón unicamente o 25% das entregas de leite en Galicia.

O prezo do leite caeu entre xaneiro e maio de 2010 un 3,08%, de xeito que os prezos ao produtor son inferiores nun 8/10% respecto do resto de España, e as explotacións galegas perderon máis de 173 millóns de euros durante o ano 2009, o que supón perdas de preto de 13.500 euros por explotación, e durante o verán os ingresos dos produtores de leite caían nun 13%, o que supón un derrubamento das rendas das explotacións de arredor de 15.000 euros, tal é así que máis de 1.600 explotacións se perderon no ultimo ano e medio, e outras 650 veranse obrigadas ao peche antes de que remate o ano.

Partido dos Socialistas de Galicia

Esta situación de grave crise do sector contrasta coa inanición, a pasividade e a falla de compromiso do Goberno galego para liderar a defensa dun sector vital para o noso país.

Constatase así o fracaso do Plan estratéxico para o sector lácteo que anunciaba envolto en propaganda o conselleiro do Medio Rural hai xa máis dun ano, e o bluf mediático co que se presentou a marca de calidade 100% galega para o leite, sen ser quen de articular e desenvolver medidas no ámbito das súas competencias, que permitisen mellorar a conformación do prezo do leite, e aportasen estabilidade ao mercado, para vertebrar e consolidar o sector lácteo, mellorar a rendibilidade e garantir a viabilidade das explotacións leiteiras galegas.

Tampouco se cumpriron os acordos que por iniciativa do Grupo Socialista aprobaba o Parlamento de Galicia, co fin de aportar liquidez ás explotacións e fortalecer a posición dos produtores na cadea de valor do leite, garantindo que as axudas directas se achegasen aos 7.500 euros; liderando as negociacións entre produtores, industrias e distribución, co fin de promover a sinatura e o cumprimento dos contratos homologados para o leite, ou poñer en marcha un plan de inspeccións ao longo de toda a cadea de produción.

E por iso que a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que valoración fai o Goberno galego respecto da situación do sector lácteo en Galicia respecto das perdas económicas e do prezo pagado aos produtores de leite?

2.ª) Que actuacións ten levado a cabo a Consellería de Medio Rural co fin de promover a sinatura de contratos homologados para o leite e para mellorar as relacións contractuais entre produtores, industrias e distribución?

3.ª) Cantos contratos homologados entre produtores e industrias hai asinados en Galicia, e que volume representan respecto das entregas totais de leite?

Partido dos Socialistas de Galicia

4.ª) Que industrias percibiron axudas e, de ser o caso, cales e por que contías, condicionadas á sinatura e ao cumprimento dos contratos homologados? ¿Cales teñen pendentes axudas e cales foron penalizadas debido a incumprimentos?

5.ª) Que valoración fai o Goberno galego respecto da posta en marcha da marca "100% galega" para o leite?

6.ª) Que outras medidas ten posto en marcha a Consellería do Medio Rural co fin de mellorar a competitividade das explotacións leiteiras galegas, e cales ten previsto implementar co fin de acadar obxectivos, de mellorar a rendibilidade e de garantir a viabilidade das explotacións?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 14:09:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 49544
Data envío: 24/09/2010 14:42:10.240





**Á Mesa do Parlamento**

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión.**

Durante o que vai de campaña de prevención e defensa contra incendios quedaron arrasadas en Galicia, segundo os datos que aportou o conselleiro do Medio Rural, arredor de 13.000 ha, co evidente dano medioambiental e paisaxístico nas zonas afectadas polos lumes.

Malia tendo en contra a política de desinformación que levou a cabo o Goberno galego respecto da incidencia dos lumes, falseando datos e ocultando os lumes que afectaban a menos de 20 ha, o número de hectáreas afectadas polos incendios forestais neste ano seguramente sexa sensiblemente maior a cifra oficial aportada pola propia Consellería do Medio Rural.

No Macizo Central de Ourense resultaban calcinadas máis de 3.000 ha, rexistrando o maior incendio dos últimos anos de todo o Estado, arrasando 1.715 ha. no concello de Laza, e outro lume de importancia con máis de 393 ha. calcinadas no concello de Chandrexa de Queixa, o que supón o 10% da superficie que ocupa o Macizo Central Ourensán nunha zona protexida considerada Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura 2000.

De igual xeito dous grandes lumes afectaban aos concellos de Boiro e Negreira na provincia da Coruña, arrasando 551 e 519 ha. respectivamente, sempre segundo os datos aportados pola Consellería do Medio Rural.

Coa chegada do outono e a época de choivas, o risco de que se produzan danos medioambientais e ecolóxicos é evidente, provocados polas escorrentías e a erosión dos terreos que causarán un grave dano na capa vexetal e o empobrecemento dos terreos, sen contar co importante dano paisaxístico que supoñen os incendios forestais, a perda de biodiversidade e de potencial forestal.

Malia e pese a que Galicia sufriu as consecuencias dunha vaga importante de lumes durante o verán e o risco de graves danos ecolóxicos coa chegada do outono e as choivas, o presidente da Xunta tardou máis dun mes en visitar as zonas afectadas polos lumes, para facer un acto propagandístico sen deseñar un plan de actuación con medidas e actuacións concretas, que inclúan a avaliación exhaustiva da superficie afectada polos lumes e dos danos causados, co fin de promover e desenvolver actuacións para previr as escorrentías e loitar contra os procesos erosivos, así como para recuperar o potencial forestal danado.

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Ten feito o Goberno galego algunha avaliación e identificación das zonas afectadas polos lumes durante a campaña de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia no 2010?

2.ª) Ten previsto o Goberno galego desenvolver medidas a fin de paliar os danos causados polos incendios forestais neste ano?

3.ª) Ten previsto o Goberno galego deseñar e implementar accións co fin de evitar a erosión e previr escorrentías, así como desenvolver medidas para a recuperación e rexeneración do potencial forestal danado? E de ser o caso, ¿ cales?

4.ª) Ten previsto o Goberno galego establecer axudas co fin de promover a colaboración cos propietarios afectados polos lumes para a recuperación e restauración forestal e medioambiental das zonas afectadas? E de ser o caso cales?

5.ª) Tendo en conta os danos causados polos lumes no Macizo Central Ourensán, ¿ten previsto o Goberno galego desenvolver actuacións específicas para a recuperación do potencial forestal e a rexeneración dos hábitats afectados ? E de ser o caso ¿cales?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/09/2010 14:36:24**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:46
Nº Rexistro: 49808
Data envio: 27/09/2010 17:46:19.631

BNG
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Isabel Sánchez Montenegro** e **Teresa Táboas Veleiro**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**.

O día 26 de setembro de 2010 produciuse a morte de troitas no regacho de Sabucedo (Concello da Estrada) denominado río Vesacarballa.

O tramo no que se detectaron os peixes mortos é de algo máis de cincuenta metros enmarcados río abaixo entre o punto de desaugadoiro dunha pequena estación depuradora de residuais e o muíño chamado Casa do Comercio.

A morte das troitas tivo, ao parecer, a súa orixe nun vertido de procedencia descoñecida a día de hoxe.

No momento actual descoñécese, tamén, o axente tóxico que produciu esta contaminación no río Vesacarballa.

Polos datos aparecidos nos medios de comunicación, tanto o Seprona coma a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, son coñecedores destes feitos e teñen tomado mostras e recabado datos sobre os mesmos.

No Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos necesario que os departamentos da Xunta de Galiza competentes neste ámbito, a Consellaría de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:46
Nº Rexistro: 49808
Data envío: 27/09/2010 17:46:19.631

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Rural, leven a cabo unha investigación a fondo das circunstancias que orixinaron o vertido, a súa orixe; coa finalidade de depurar as responsabilidades que se puidesen derivar destes feitos e determinar as actuacións a realizar para evitar que feitos coma este poidan volver a producirse.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula as seguintes preguntas:

1ª) Ten iniciado a Xunta de Galiza algunha actuación coa finalidade de determinar as causas que motivaron o vertido tóxico no río Vesacarballa?

2ª) Cal é o alcance dos danos producidos?

3ª) Tense incoado algún expediente para depurar as responsabilidades a que poida haber lugar?

4ª) Pensa o Goberno galego emprender algunha acción para determinar as medidas ou actuacións a realizar para evitar que estes feitos se poidan volver producir no futuro?

5ª) En caso afirmativo, cales e con que resultado?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 17:46
Nº Rexistro: 49808
Data envio: 27/09/2010 17:46:19.631

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 27/09/2010 17:15:31**

**Teresa Táboas Veleiro na data 27/09/2010 17:15:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2010 18:14
Nº Rexistro: 49818
Data envío: 27/09/2010 18:14:21.489

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso** e **Ana Luísa Bouza Santiago,** deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta con resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á situación sanitaria no concello de Salceda de Caselas.

